



RECOMENDACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA NO ANO 2026

O Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), integrado polas organizacións sindicais e empresariais con maior representatividade da Comunidade Autónoma, ten como unha das súas funcións esenciais, de acordo co artigo 3 da Lei 5/2008, do 23 de maio, *fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución Española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.*

Así, o CGRL eríxese como o principal espazo institucional de encontro entre sindicatos e asociacións empresariais de Galicia para o impulso da negociación colectiva das condicións de traballo.

No exercicio desta competencia e nun contexto marcado pola evolución da normativa laboral, polos cambios organizativos e tecnolóxicos nas empresas e pola necesidade de reforzar a estabilidade das relacións laborais, o CGRL afronta o reto de **impulsar unha negociación colectiva activa, adaptada e de calidade.**

O compromiso coa negociación colectiva como instrumento esencial de regulación das condicións de traballo, xunto coa preocupación pola diminución do número de convenios negociados e pola prolongación excesiva dalgúns procesos negociadores, levou ao Pleno do CGRL a aprobar por unanimidade, na súa xuntanza de 27 de febreiro de 2026, a seguinte **RECOMENDACIÓN para a negociación colectiva no presente ano:**

1. Dinamización dos procesos negociadores

Existe incerteza ante a posible aprobación de novidades lexislativas en materia de negociación colectiva que afectan ao núcleo esencial desta. Tendo en conta o anterior, e co debido respecto á autonomía das mesas negociadoras de cada convenio, ás particularidades dos procesos negociadores e ás dificultades que poidan xurdir en cada caso concreto, recoméndase establecer un calendario de xuntanzas, non dilatadas no tempo e que sirva como elemento dinamizador e de estímulo dos procesos negociadores, sen prexuízo da posibilidade de rexistrar os acordos parciais que se vaian acadando.

2. Utilización do AGA como instrumento de solución de conflitos

A aparición de discrepancias, atrancos ou situacións de bloqueo forma parte inherente da negociación colectiva. Galicia conta cun instrumento consolidado, o [Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo \(AGA\)](#), especialmente axeitado para ofrecer solucións rápidas, eficaces e consensuadas mediante a mediación ou a arbitraje.

Recoméndase:

- Fomentar a inclusión de **cláusulas de sometemento ao AGA** para os supostos de bloqueo tras a denuncia do convenio.
- A utilización efectiva dos procedementos previstos no AGA, a través dos [formularios](#) dispoñibles na páxina web do CGRL.

3. Apoio técnico e institucional do CGRL ás mesas negociadoras

Aconséllase ás partes negociadoras aproveitar os recursos que o CGRL pon á súa disposición, entre outros:

- Servizo de presidencia das mesas.
- Conciliación e mediación.
- Convocatoria e organización de xuntanzas.
- Funcionamento como sede de comisións paritarias.
- Elaboración de actas.
- Trámites de rexistro e depósito no REGCON, previa delegación.
- Acceso a cláusulas tipo e documentación técnica.

4. Igualdade e non discriminación

A comisión consultiva autonómica para a Igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva (CCAINC), adscrita ao CGRL, constitúe un instrumento esencial de asesoramento para a incorporación de cláusulas de igualdade.

Recoméndase:

- A consulta deste órgano durante a negociación e revisión dos convenios e dos plans de igualdade.
- A utilización dos procedementos de mediación nos supostos de discrepancia durante a negociación ou revisión dos plans.

5. Composición equilibrada das mesas negociadoras

Recoméndase promover unha **presenza equilibrada de mulleres e homes** nas mesas negociadoras e nas comisións paritarias, sen prexuízo do respecto ás regras de lexitimación legal.

6. Comisións paritarias e sede no CGRL

Recoméndase sinalar expresamente no texto do convenio colectivo ao CGRL como sede da comisión paritaria, o que garante que calquera escrito, convocatoria ou comunicación dirixida á mesma se remita con axilidade aos seus integrantes polo persoal do organismo. En todo caso, lémbrese que é unha obriga legal sinalar un domicilio da comisión paritaria para os efectos de notificacións.

Así mesmo, recoméndase fomentar a atribución de competencias efectivas ás comisións paritarias dos convenios colectivos para dar resposta ás cuestións relacionadas coa interpretación e aplicación destes, favorecendo o seu funcionamento regular e operativo.

En particular, aconséllase que as comisións paritarias actúen con dilixencia e axilidade na aprobación e actualización das táboas salariais, especialmente nos supostos nos que o propio convenio prevexa revisións automáticas, actualizacións vinculadas a índices ou a execución de acordos previamente acadados polas partes negociadoras, co fin de evitar incertezas na aplicación do convenio e conflitos innecesarios.

Do mesmo xeito, a remisión ao AGA como mecanismo para solucionar as discrepancias que se produzan no seo das comisións paritarias, incluídas as relativas aos procedementos de inaplicación de convenios colectivos, dá cumprida satisfacción ao contido mínimo esixido no artigo 85 do Estatuto dos Traballadores.

7. Grupos de traballo especializados

Aconséllase a creación de **grupos de traballo especializados por materias** (seguridade e saúde, igualdade, dixitalización, etc.), vinculados ás comisións paritarias, que permitan avanzar en aspectos técnicos durante a vixencia do convenio.

8. Follas estatísticas

Aconséllase cubrir correctamente as follas estatísticas unha vez finalizada a negociación do convenio colectivo ou acordo, por tratarse dun requisito esencial para a súa válida inscrición, depósito e publicación.

Neste senso, cómpre lembrar que a Orde TES/1573/2025, do 31 de decembro (BOE do 3 de xaneiro de 2026), actualiza o anexo II do Real decreto 713/2010, do 28 de maio, relativo aos modelos de follas estatísticas que deben presentarse ante o rexistro de convenios e acordos colectivos (REGCON), polo que as mesas negociadoras deberán empregar os modelos vixentes no momento da tramitación.

Recoméndase cubrir correctamente as follas estatísticas, lembrando que o CGRL dispón de bases de datos que poden facilitar información ás mesas negociadoras.

9. Sinaturas e tramitación administrativa

Recoméndase incorporar á acta final unha folla de sinaturas que identifique adecuadamente ás persoas asinantes, requisito imprescindible para o rexistro e publicación dos convenios.

10. Actualización e calidade dos contidos

Recoméndase facer un esforzo específico na **actualización substancial dos contidos dos convenios**, máis alá da simple adaptación legal, atendendo ás necesidades actuais das empresas e das persoas traballadoras, con criterios de calidade e ampliación progresiva de materias reguladas.

11. Dixitalización, algoritmos e intelixencia artificial

Recoméndase ás mesas negociadoras profundar na regulación dos efectos da dixitalización, da intelixencia artificial e do uso de algoritmos, garantindo:

- Transparencia.
- Canles de información ás persoas traballadoras.
- Avaliación do impacto.
- Supervisión humana nos procesos con incidencia nas relacións laborais.

Neste punto, lémbrese que as novas follas estatísticas identifican cuestións relativas á dixitalización, uso de algoritmos, participación da representación legal das persoas traballadoras na implantación e uso destes sistemas, entre outras, polo que se recomenda facer unha debida cumprimentación destas.

12. Delimitación dos ámbitos dos convenios sectoriais

Recoméndase unha delimitación clara dos ámbitos funcionais e territoriais dos convenios sectoriais, prestando especial atención ás actividades limítrofes, co apoio do asesoramento xurídico e técnico do CGRL.

13. Continuidade da negociación colectiva

Recoméndase ás mesas negociadoras manter activos os procesos de negociación e avanzar na mellora das condicións laborais, evitando situacións de parálise que poidan xerar incerteza ou inestabilidade.

14. Consulta e utilización dos documentos técnicos e recomendacións do CGRL e participación nas accións formativas

Recoméndase ás mesas negociadoras a consulta e utilización dos [documentos técnicos, guías, cláusulas tipo, protocolos e recomendacións elaborados no seo do CGRL](#), concibidos como instrumentos de apoio práctico á negociación colectiva e á mellora da calidade dos convenios e acordos colectivos.

En particular, e sen carácter limitativo, destácase a utilidade dos seguintes documentos, especialmente pola súa recente elaboración e pola súa conexión con realidades actuais do mundo do traballo:

- [Protocolo de actuación fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos](#), como instrumento de referencia para a negociación de medidas preventivas, organizativas e de protección das persoas traballadoras.
- [Protocolo de desconexión dixital](#), orientado á ordenación do tempo de traballo e á protección da saúde laboral fronte aos riscos derivados da hiperconectividade.
- [Cláusula tipo de dereitos lingüísticos](#), dirixida a promover o respecto e a normalización do uso das linguas propias no ámbito das relacións laborais.
- [Guía de boas prácticas para promover a igualdade en materia de negociación colectiva](#), como apoio á integración transversal da perspectiva de xénero nos convenios.
- [Recomendación sobre diversidade sexual](#), destinada a fomentar contornos laborais inclusivos e libres de discriminación.
- [Guía de boas prácticas ao abeiro do AGA](#), como instrumento para mellorar a utilización dos procedementos de solución extraxudicial de conflitos laborais.

Así mesmo, recoméndase ás persoas integrantes das mesas negociadoras a participación nas [accións formativas](#) que o CGRL organiza de maneira periódica en materia de negociación colectiva, solución extraxudicial de conflitos laborais e demais materias relacionadas coas relacións laborais, como instrumento para reforzar a capacitación técnica, favorecer prácticas negociadoras de calidade e contribuír ao correcto desenvolvemento dos procesos de negociación.

A información relativa a estes documentos e ás actividades formativas atópase dispoñible na [páxina web](#) do CGRL.